



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



MARÍA DO CEBREIRO

Os hemisferios

Colección DOMBATE

EDITORIAL GALAXIA 2006, 100 páxinas

P. V. P 12,50 € IVE incluído



A POESÍA FALA

Velaquí un libro concibido como un diálogo através do cal María do Cebreiro nos propón un xeito diferente de abordar a poesía. ***Os hemisferios*** publícase na colección Dombate, que continúa a incorporar as poetas e os poetas das últimas xeracións ao catálogo de Editorial Galaxia.

Achegarse á poesía a través da conversa é, para María do Cebreiro, unha maneira de deixar a porta aberta e permitir que a lectora ou o lector entre directamente, sen convite, no poema. *Os hemisferios* parte da idea de que o texto, e con el o libro, se debe relacionar directamente co que hai fora del. As árbores e os planetas, a terra e o ceo forman ese acubillo no que se gorecen as voces que falan entre elas e lle falan a quen le. Para a poeta, a escritura é coma **un troco, un intercambio** que a lectura fai real, palpable e sonoro.

Unha das poetas máis sorprendentes da actual literatura galega, María do Cebreiro afirma neste libro que comeza a escribir “cando o leite está a punto de ferver” para, despois, esperar ata o último momento porque “o que máis me impresiona é que rompa en silencio”. *Os hemisferios* é un libro no que se constata que a comunicación é anónima pero a conversa é persoal; é un libro no que non hai nada que explicar, nada que interpretar, nada que comprender. Unha especie de conexión eléctrica que provoca outro xeito de ler e relaciona directamente o texto coas outras correntes da vida.

MARÍA DO CEBREIRO (Compostela, 1976) é escritora, crítica literaria e investigadora. Obtivo o Premio de Investigación Dámaso Alonso coa obra *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica* (2004). É autora dos libros de poemas *O estadio do espello* (1998) e *(Nós, as inadaptadas)* (2002), accésit do Premio Esquíu. Co poemario *Non queres que o poema te coñeza* (2004) recibiu o Premio Caixanova e, o mesmo ano, publicou *O barrio das chinesas* e o libro de ensaios *As terceiras mulleres*. Foi coordinadora das antoloxías *A poesía é o gran milagre do mundo* (2001) e *Damas Negras* (2002).

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es